



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE GUITARRA

ESPECIALIDADE GUITARRA

MATERIA: NOTACIÓN, TABLATURA E ORNAMENTACIÓN

CURSO 1º

INTRODUCCIÓN:

Ata a xeneralización do uso da notación moderna mensural, os autores de obras para guitarra e instrumentos afines fixeron recurso aos máis variados sistemas de notación para difundir as súas obras.

O coñecemento destes sistemas de notación e dos signos de ornamentación utilizados por cada autor son importantes para interpretar con maior corrección o repertorio procedente das épocas en que se usaron estes sistemas.

O desenvolvemento desta materia familiarizará aos alumnos cos diferentes sistemas de notación para guitarra nas diferentes épocas e escolas ou tendencias do renacemento e barroco, así como cos distintos signos de ornamentación, de forma que poidan interpretar con mellores criterios persoais o repertorio escrito nas distintas épocas en que estes sistemas foron utilizados, desenvolvendo tamén o seu espírito crítico ante as realizacións doutros intérpretes.

OBXECTIVOS:

- Coñecer as características dos principais sistemas de notación para guitarra e instrumentos afines utilizados nas distintas épocas e segundo os diferentes países e autores.
- Desenvolver a capacidade de ler directamente as diferentes tablaturas do renacemento.
- Coñecer os signos de ornamentación, técnica e interpretación utilizados polos principais autores destes períodos.
- Aprender a transcribir a notación moderna os principais sistemas de tablatura do renacemento.
- Desenvolver a capacidade de investigación documental.
- Desenvolver a capacidade crítica ante as obras transcritas por outros autores procedentes destes sistemas de notación.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE GUITARRA

ESPECIALIDADE GUITARRA

MATERIA: NOTACIÓN, TABLATURA E ORNAMENTACIÓN

CONTIDOS:

Os contidos para o primeiro curso desta materia son os seguintes:

- A tablatura como sistema de notación para guitarra e instrumentos afines no período renacentista: Principais características e diferenzas segundo épocas, países e/ou autores. A transcripción a notación moderna dos principais tipos de tablatura do Renacemento: (Características principais, mantemento da polifonía, etc...)
- A ornamentación nas tablaturas renacentistas: Coñecemento dos signos principais utilizados polos distintos autores desta época.
- Práctica de lectura dos diferentes sistemas numéricos e alfabéticos renacentistas: (Mudarra, Fuenllana, Lle Roy, Gorlier, Morlaye, Milán, Borrono, da Milano, J. Dowland, R. Johnson, Newsidler, etc...)
- Achegas dos pedagogos e instrumentistas máis sinalados do século XX á interpretación de tablaturas do período renacentista.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Valorarase a realización das probas propostas periódicamente polo profesor. As probas propostas poderán ser tipo test, desenvolvemento escrito sobre os temas tratados na clase, ou realización práctica de lectura dunha tablatura proposta polo profesor
- .Valorarase a calidade das tarefas de documentación solicitadas periódicamente polo profesor durante o desenvolvemento do aula.
- Valorarase o interese do alumno pola materia e polos distintos temas propostos.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivie, 23 **36203 VIGO** – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE GUITARRA

ESPECIALIDADE GUITARRA

MATERIA: NOTACIÓN, TABLATURA E ORNAMENTACIÓN

CURSO 2º

INTRODUCCIÓN:

Ata a xeneralización do uso da notación moderna mensural, os autores de obras para guitarra e instrumentos afines fixeron recurso aos máis variados sistemas de notación para difundir as súas obras.

O coñecemento destes sistemas de notación e dos signos de ornamentación utilizados por cada autor son importantes para interpretar con maior corrección o repertorio procedente das épocas en que se usaron estes sistemas.

O desenvolvemento desta materia familiarizará aos alumnos cos diferentes sistemas de notación para guitarra nas diferentes épocas e escolas ou tendencias do renacemento e barroco, así como cos distintos signos de ornamentación, de forma que poidan interpretar con mellores criterios persoais o repertorio escrito nas distintas épocas en que estes sistemas foron utilizados, desenvolvendo tamén o seu espírito crítico ante as realizacións doutros intérpretes.

OBXECTIVOS:

- Coñecer as características dos principais sistemas de notación para guitarra e instrumentos afines utilizados nas distintas épocas e segundo os diferentes países e autores.
- Desenvolver a capacidade de ler directamente as diferentes tablaturas do barroco.
- Coñecer os signos de ornamentación, técnica e interpretación utilizados polos principais autores destes períodos.
- Aprender a transcribir a notación moderna os principais sistemas de tablatura do barroco.
- Desenvolver a capacidade de investigación documental.
- Desenvolver a capacidade crítica ante as obras transcritas por outros autores procedentes destes sistemas de notación.



DEPARTAMENTO DE GUITARRA

ESPECIALIDADE GUITARRA

**MATERIA: NOTACIÓN, TABLATURA E
ORNAMENTACIÓN**

CONTIDOS:

Os contidos para o segundo curso desta materia son os seguintes:

- A tablatura como sistema de notación para guitarra e instrumentos afines no período barroco: Principais características e diferenzas segundo épocas, países e/ou autores.
- A transcripción a notación moderna dos principais tipos de tablatura do Barroco: (Características principais, alfabetos utilizados, estilo rasgueado, punteado e mixto, etc...)
- A ornamentación nas tablaturas barrocas: Coñecemento dos signos principais utilizados polos distintos autores desta época.
- Práctica de lectura dos diferentes sistemas numéricos e alfabéticos barrocos: (Gaspar Sanz, Santiago de Murcia, Francisco Guerau, Robert de Visée, Corbetta, Granata, Weiss, etc...).
- Achegas dos pedagogos e instrumentistas máis sinalados do século XX á interpretación de tablaturas do período barroco.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Valorarase a realización das probas propostas periódicamente polo profesor. As probas propostas poderán ser tipo test, desenvolvemento escrito sobre os temas tratados na clase, ou realización práctica de lectura dunha tablatura proposta polo profesor.
- Valorarase a calidade das tarefas de documentación solicitadas periódicamente polo profesor durante o desenvolvemento do aula.
- Valorarase o interese do alumno pola materia e polos distintos temas propostos.